



Museo  
do Pobo  
Galego



instituto de  
estudos das  
identidades

E viro e viro,  
e volvo a virar;  
as voltas do viro  
son malar de dar.

Dámo, nena, dámo, nena;  
xa non che pido diñeiro  
i a túa ovelliña negra  
pa trucar co meu carneiro.

E ti que o tés  
non podes neghar;  
que cho vin no río  
cando ibar lavar.

Por unha vez que mu deches  
cinco mil raiás che dei-e.  
¡Cinco mil demos cho leven,  
qu'eu paghar ben che paghei-e!

Dámo, nena, dámo, nena;  
ya no te pido la vida;  
da cintura para abaixo,  
da rodilla para arriba.

E ti que o tés  
e eu ben cho vin  
por un buratiño  
que tés no mandil.

Eu se che veño aquí hoxe  
non veño por ver paredes,  
veño por ve-los teus ollos  
que m'estou revendo neles.

Se vés por ve-los meus ollos,  
Dios te lo paghe, querido;  
se viñas por outro intento,  
érase tempo perdido.

E viro...



Indo por Santiagho abaixo  
deill'a volta ió capote;  
acordáronme as nenas  
a mailas papas no pote.

/: Eu Santiagho ben o vin-he: :/  
queda na porta da i-eira  
tocando no violín-he.

E ti que o tés  
n-o podes neghar...